



SEDE OURENSÁ DA FACULTADE DE ENFERMERÍA

A Xunta de Galicia deberá definir nas vindeiras datas as condicións de integración das Escolas de Enfermería do sur de Galicia na Universidade de Vigo. Isto afecta á nosa escola e ao noso campus universitario, así como á calidade da Educación e da Sanidade da nosa provincia e, en definitiva, ao noso Estado do Benestar.

O Foro Liceo integra aos colectivos listados ao final deste escrito, que colaboran desde 2018 na elaboración de traballos de análise a prol do desenvolvemento da nosa provincia. Un deses traballos versa sobre o campus universitario e outro sobre a sanidade na provincia. O consenso xeral é que potenciar estes dous pilares é fundamental para calquera territorio.

Aínda que a Universidade de Vigo está a plantexar integrar ás Escolas de Enfermería de Vigo e Ourense (titularidade da Consellería de Sanidade), e a de Pontevedra (titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra) nunha facultade única descentralizada con sedes nos tres campus, de xeito paralelo téñense coñecido reivindicacións sobre cal debería ser a “sede central” de dita facultade. Este enfoque centralista conta con outros precedentes, coma o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur: o organismo que foi creado en 2008, actualmente está centralizado no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e, transcurridos 15 anos, o volume da investigación biomédica en Ourense ten diminuído con respecto aos niveis que tiña antes de 2008.

Non queremos que esta situación se reproduza no caso dos estudos de Enfermería. Consecuentemente, na procura dunha solución satisfactoria para tódolos territorios, solicitamos á Xunta de Galicia que arbitre os mecanismos que garanticen que a Facultade de Enfermería se implante dun xeito absolutamente descentralizado para que a súa sede ourensá poida desenvolverse na dinámica razoablemente autónoma da que desfrutan tódolos centros da Universidade de Vigo.

MIEMBROS DEL FORO LICEO

1,-El Liceo de Ourense, 2.-Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia.- 3.- Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense.- 4.-Ilustre Colexio Oficial de Médicos de Ourense.- 5,-Asociación de Propietarios de Fincas Urbanas.- 6,-Colegio de Economistas de Ourense.- 7,-Federación de Comercio de Ourense.- 8,-Agrupación Provincial de Libreiros de Ourense.- 9,-Federación de Librerías de Galicia.- 10.-Asociación Empresarios Polígono San Cibrao.- 11.- Colegio de la Abogacia de Ourense , -12.- Centro Comercial Aberto Ourense Centro.- 13.-Asociación de Constructores de Ourense,- 14.-Colegio Oficial de Agentes de la Propiedad Inmobiliaria de Ourense. 15,-Colegio de Aparejadores y Arquitectos técnicos.- 16,- Colegio de farmaceuticos. Colabora Universidad de Vigo (Campus Ourense).